



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación, Cultura e Deportes
Expediente: 2019000003585

RESOLUCIÓN Nº 26971/2019 POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2019-ÁREA DE DANZA E ARTES DO MOVEMENTO

Don XOSÉ REGUEIRA VARELA, Presidente en funcións da Deputación Provincial da Coruña:

Por resolución da presidencia n.º 23952, do 10 de xullo de 2019, aprobouse a adxudicación provisional das Bolsas para perfeccionamento de estudos artísticos 2019-Área de danza e artes do movemento e concedeuse un prazo de 10 días para comunicar, se for o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Visto que no dito prazo non se presentaron desistencias, alegacións ou emendas.

Vistos os informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización

RESOLVO:

1.- Conceder definitivamente as bolsas ás seguintes persoas:

Titular da bolsa: MENDIETA PÉREZ, GABRIELA

Expediente: 2019000011663

Obxecto da bolsa: Zero Programme con Mafalda Deville e Elisabeth Lambeck, en Paredes, Oporto.

Importe da bolsa: 9.000 €

Titular da bolsa: PLACER LEMA, MARTA

Expediente: 2019000011642

Obxecto da bolsa: Grado superior en danza clásica (especialidade Coreografía e Interpretación) no Conservatorio Superior de Danza María de Ávila, en Madrid.

Importe da bolsa: 9.000 €

Titular da bolsa: SÁNCHEZ TEMPRANO, ISABEL

Expediente: 2019000010762

Obxecto da bolsa: Half Year Programme in Contact Improvisation + Danza Contemporary, na Tanzfabrik, en Berlin

Importe da bolsa: 9.000 €

2.- Dispor o gasto das bolsas concedidas con cargo á aplicación 0612/3262/481, do seguinte xeito:

* 18.000 € con cargo ao documento contable A, operación nº 220190014226.

* 9.000 €, con cargo ao documento que se expida, logo de minorar o documento contable A, operación nº 220190014224, e o seu correspondente RC, operación nº 220190004059, de acordo co establecido nas resolucións nº 23949 (expediente 2019000003586) e nº 23952 (expediente 22019000003585)

3.- Nomear suplentes ás seguintes persoas, pola orde que se indica:

Suplente 1: Reboredo Ortega, Álvaro

Suplente 2: Rodríguez Lázaro, Marta

Suplente 3: Canzobre Delgado, Alejandra Yael

Suplente 4: Paredes Solana, Pedro

Suplente 5: Bermúdez Muñiz, Alba

Suplente 6: Incera Martín, Sara

4.- Publicar a presente resolución definitiva na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no art.45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán optar por interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, dentro do prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación do presente acordo. No seu caso, poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, e de conformidade co establecido no art. 46.4 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. No entanto, se o considera conveniente, pode exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.